

Sumario

EDITA:
E.D. Xuventude Oroso

COORDINADOR:
Adrián Legazpi

COLABORADOR:
Manuel Cruz

IMPRIME
Litonor

PUBLICIDADE:
xuventudeoroso@yahoo.es

- ▶ SAÚDA DO PRESIDENTE
- ▶ EDITORIAL
- ▶ PREMIOS PIDEVI
- ▶ CRÓNICA DA TEMPORADA
- ▶ PLANTELES
- ▶ MELLOR PROMESA
- ▶ TÉCNICOS DO CLUB
- ▶ ENTREVISTAS
- ▶ XENTE DO CONCELLO
- ▶ OS NENOS/AS FALAN
- ▶ OS PAIS TAMÉN OPINAN
- ▶ REPORTAXE FOTOGRÁFICA
- ▶ OPINIÓN



SAÚDA DO PRESIDENTE



Unha tempada máis e chega o momento final da mesma. Polo tanto vou a facer unha pequena memoria.

No tema deportivo temos un sabor agri-doce, por un lado o ascenso do equipo de cadetes e por outra parte, o descenso dos xuvenís na última xornada do campionato. Moi boa labor do resto dos equipos cumprindo con creces os obxectivos marcados, pero sen dubida o gran impulso desta Escola, é o acordo

asinado co R.C. Celta de Vigo, para colaborar conxuntamente. Este acordo vainos permitir un avance importante na formación de nosos deportistas, tanto xogadores como adestradores, pero tamén vai a ser un estímulo para os xogadores, saber que un club de tanto prestixio como é o Celta, está seguindo as súas evolucións, isto lles motivará máis no traballo diario de aprendizaxe.

Quero recordar tamén que a ED Xuventude Oroso foi premiada, nos premios PIDEVI, entregados na gala do deporte de Santiago, con este é o segundo ano consecutivo que fomos seleccionados, sendo valorados esta vez no apartado de deportividade.

2

caixanova



De cara ao futuro xa estamos traballando na planificación da seguinte tempada, onde haberá cambios importantes, para a mellora dos nosos deportistas. Queremos apostar claramente por un proxecto social, para o cal organizaremos xornadas e charlas con profesionais, enfocadas a nosos xogadores para seguir creando hábitos de vida mais saudables.

Non quero deixar pasar esta ocasión para agradecer a todos os socios, pais e empresas, toda súa achega a este proxecto.

Un recoñecemento especial para o concello de Oroso, polo gran esforzo, que está facendo en materia de instalacións, xa que hoxe pódese dicir que as mesmas son a envexa de moitas localidades, para a próxima tempada, poderemos utilizar o novo edificio anexo ao polideportivo, dotado de ximnasios, vestiarios....

En nome de toda a Xunta Directiva e no meu propio, un afectuoso saúdo, para toda a gran familia da ED Xuventude Oroso..

Luis Rey Villaverde



EDITORIAL



O fin principal do deporte base, aparte de ser unha diversión é unha maneira de coidar a saúde, é transmitir unha serie de valores que formen parte da formación dos nosos fillos de cara ó seu futuro, como poden ser o respecto, a disciplina, o esforzo, a solidariedade, a humildade, a constancia, a amizade, a nobreza, e sobre todo ensina a volver a levantarse despois das derrotas, algo que lles será de grande axuda na súa vida adulta que é cando máis doen.

Todo isto debería ser o deporte, pero sempre aparece alguén que se empeña en converter algo tan grande e nobre en algo odioso. Vémolo nos campos tódolos fins de semana, con seareiros insultando e ameazando ós xogadores rivais e ós árbitros, xogadores provocando ó público ou destrozando mobiliario das instalacións, ou adestradores alentando ós seus xogadores para que danen ós xogadores contrarios. Lamentablemente, nas últimas semanas recrudecéronse estes actos chegando a violencia ó seu punto máximo en varios campos de Galicia, con agresións a xogadores, como foi o caso dun xogador de 19 anos do Beluso, agresións a árbitros e directivos, como a que sufriu o presidente de O Vioño por parte de xogadores xuvenís, ou incluso unha pe-

lexa na que se viron involucradas unhas setenta persoas entre xogadores e seareiros de ambos equipos no partido de Terceira autonómica entre o Deportivo Ciudad e o Sporting Coruñés.

As Institucións condenan estas agresións, pero non son quen de tomar medidas axeitadas para acabar con esta situación. Dende os Clubs e Escolas Deportivas débense tomar medidas internas para erradicar a violencia e ós violentos no deporte. A Secretaría Xeral para o Deporte, a Federación Galega de Fútbol, o Colexio de Árbitros, e incluso os Concellos, tamén deben actuar e preguntarse qué se está facendo mal para chegar a esta situación. Pero para atallar este gran problema debemos de empezar por facer exame de conciencia nós, os pais. Preguntarnos cómo actuamos nos terreos de xogo cando imos ver xogar ós nosos fillos, qué imaxe lles damos ou cómo nos ven eles dende dentro do campo. ¿Realmente somos un exemplo para os nosos fillos?.

Déixovos plantexada esta pregunta, para que cada un de vós a responda para sí mesmo, e despois, sexa cal sexa a vosa resposta, convíдовos a que todos xuntos intentemos facer do deporte un nexo de unión, algo que faga sentirnos orgullosos de nós mesmos e sobre todo dos nosos fillos.

Javier Vieites



PREMIOS PIDEVI



Por segundo ano consecutivo a E.D. Xuventude Oroso foi seleccionada de entre mais de 50 clubs participantes do concello de Santiago e comarca, sendo premiados no apartado de non violencia, un dos catro grandes Premios PIDEVI (Plan Deporte e Vida), que organizou a "FUNDACIÓN COMPOSTELA DEPORTE".

A Escola foi galardoada xunto con outros 12 clubs, o que demostra que o proxecto social que se comezou hai uns anos vai por bo camiño e segue alcanzando cotas que non se podía sospeitar cando comezou a nosa andaina.

6



Via Galileo, 1 - Poligono do Tambre
Santiago de Compostela - 15290
Tlf.: 981 56 19 33 - 646 48 41 23

SELF SERVICE • RESTAURANTE

CAFE-BAR POLIGONO

imova
INMOBILIARIA Y MOLINARIA

Jaime Montero Valiño

Poligono Industrial de Siquem
c/area 26, local 3
15884 Siquem, Oroso
teléfono 981 691 442
móvil 629 305 463

Crónica da temporada

Este ano a nosa Escola comezou a temporada con 6 equipos, repartidos en tódalas categorías de fútbol base, tendo así equipo nas categorías Benxamín, Alevín, Infantil (con dous equipos), Cadete e Xuvenil.

En liñas xerais fóronse cumprindo os obxectivos que se marcaron antes do comezo, o único apartado negativo sería o descenso do equipo Xuvenil da Primeira Autonómica.

Así o equipo Benxamín entrenado por Jaime non tiña como obxectivo prioritario acadar bos resultados deportivos, xa que nestas idades o máis importante é a evolución dos rapaces como persoas e como xogadores a nivel individual. Neste sentido puidemos comprobar día a día que se cumpriron con creces as expectativas.

No equipo Alevín, ás ordes de Samuel e coa colaboración de Víctor Gil, puidemos comprobar tamén unha gran evolución de cada un dos rapaces, chegando mesmo algúns deles á Selección de Santiago. Tamén no apartado de resultados foi unha gran temporada xa que se estivo loitando ata o final polo título de liga.

Os Infantiles, comandados por Gonzalo e Adrián, conseguiron cumprir cos obxectivos iniciais mantendo a categoría en Primeira Autonómica e formando ós máis novos para que o próximo ano poidan facer o propio ou incluso loitar por cotas maiores.



O Cadete que dirixe Pancho, acadou o maior logro da temporada na Escola ó acadar o Campionato de liga e consecuente Ascenso a Primeira Autonómica, obxectivo que se buscaba dende facía xa varios anos e que por fin se conseguiu despois dunha temporada extraordinaria na que se gañaron tódolos partidos xogados no Lino Balado.

O equipo Xuvenil, adestrado por Tonecho, tivo un ano extremadamente difícil xa que sufriu un cambio de adestrador, moitas baixas de xogadores... factores sen dúbida determinantes para que non se acadara manter a categoría. Sen embargo estamos orgullosos do traballo feito e sentáronse as bases para poder voltar a esta categoría coa maior brevidade posible.

Agora só queda seguir por este camiño e continuar co gran traballo que tanto directiva, corpo técnico como xogadores están a levar a cabo para que a nosa Escola siga a medrar e a situarse como unha das mellores escolas deportivas de Galicia.

The advertisement is split into two vertical panels. The left panel has a blue top half and a dark grey bottom half. The right panel is light yellow with a green oval in the center.

**INMOBILIARIA
CIMBRA**

Vía Ptolomeo, 1. esq. Vía Pasteur
15890 Santiago de Compostela
A Coruña. España
T. 981 936 992 Móbil 658 859 698

Froitería

Framboesa

Froitas
Pan e lácteos
Conservas, especias e legumes
Viños
Bacallao de importación
Cesta de agasallo

Rúa do Concello, 3 - Baixo 1
15884 SIGÜEIRO (A Coruña)
Teléfono 981 691 694



Equipo Benxamín

Fútbol



DIRECTIVO: **Luciano Dono**
ADESTRADOR: **Jaime Veiga**
ADESTRADOR PORTEIROS: **Juan Lamas**

Manuel Fernández
Alberto Fernández
Alejandro García
Álvaro Rial
Carlos Bermúdez
Alberto Fernández
Alejandro Fernández
Damián Fernández
Adrián Romero
Adán Quintás
Lucas Mirás
Manuel Liste
Javier Telleria
Daniel Telleria
Adrián Jose Sánchez



M^a

Moncho
Decoración de Interiores

Plaza de Chinto, Nº 2 - bajo
SIGÜEIRO (A Coruña)

Teléf. 981 68 89 23
Fax: 981 68 89 91
monchovazquez@hotmail.com

9



Equipo Alevín



Xandre Abeijón
Xavi Abeijón
Damián Blanco
Jaime Blanco
Adrián Castro
Manuel Cebey
David Ferreira
Alejandro Figueiras
Miriam Garabato
Javier Garaboa
Carlos D. Mejuto
Darío Pires
Alejandro Prado
Jonathan Rey
Andrés Taboada
Alberto Vieites
Miguel Ubaldi
Antonio Villasenín
Álvaro Viqueira

DIRECTIVO: **Javier Vietes**
ADESTRADOR PORTEIROS: **Juan Lamas**
ADESTRADOR: **Samuel Liñares**
DELEGADO: **Víctor Gil**



Madeiras Irmãos Castro, s.l.

15688 VILARROMARIS-OROSO
Tels. 981 694 663 • 981 69 14 72

Equipo Infantil



DIRECTIVAS: **Concha Ramos, María Iglesias**
ADESTRADOR PORTEIROS: **Juan Lamas**
ADESTRADORES: **Gonzalo Paderne, Adrián Rodríguez**
DELEGADO: **Jesús Pazos**

rf novafes

ferretería • bricolaxe
electricidade • xardinería

Teléfono 981 69 11 73
Rúa Travesa, s/n - Edif. Arcos Portal, 4
15688 Sigüeiro-Oroso (A Coruña)



Equipo Infantil

Pedro García
Anxo Botana
Rubén Otero
Ángel Garabato
Martíño Garabal
Borja Sainz
Alejandro Liste
Álvaro García
Andrés González
Anxo Garea
Marcos González
Aitor Rial
Alejandro Picón
Javier Carballido
Iván Cao
Luis Cela

Héctor Cotos
Sergio Raña
Antonio García
Iván Pazos
Óscar Mata
Jacobo González
Alexandre de Mello
Daniel Casal
Antonio José Becerra
Vicente Manuel Alvite
Diego Sánchez
Manuel Cao
Martín Otero
Adrián López
Carlos Vidal



<p>Carnicería POLO</p> <p>Rúa Insua, baixo - Sigüeiro - OROSO Teléfono 981 69 18 50</p>	<p>TECNOMECANICA FIAÑO, S.L.</p> <p>VENTA D'ALGUELOS REPARACION CARRETILLAS ELEVADORAS PLATAFORMAS AERIAS</p> <p>CENTRAL: Ctra. Orosa - Santiago N-550, Km. 9 - 15180 ALVEDRO - CLELLEREDO - La Coruña Tel. 981 66 05 33 Fax 981 66 04 23</p> <p>DELEGACION: Vía Galles, 6 - Pol. El Tambor - 15890 SANTIAGO - Tel. y Fax 981 55 76 81</p> <p>E-MAIL: administracion@tecnofiano.es telefonica.net</p>
--	--

Equipo Cadete



DIRECTIVO: **Benito Rodeiro**
ADESTRADOR PORTEIROS: **Juan Lamas**
ADESTRADOR: **Juan Seoane**



Rubén Aller
David Cotrofe
Pablo Franco
Daniel Maroño
Manuel Rivera
Rubén Botana
Adrián Couselo
Marcos García
Rodrigo Painceira
Alberto Rodeiro
Marcos Castelo
Christian Dono
Adrián González
Daniel Rama
Dario Veiga
Alberto Castro
Marcos Fernández
Adrián Iglesias
José Daniel Raña
Alberto Castro
David Fernández
José A. Juncal
Jacobo Rial



LACTEOS TAMBRE, S.L.

Teléf.: 981 68 89 12 • Fax 981 68 89 88
Penateixa, s/n - Sigüeiro • 15884 OROSO (A Coruña)



Equipo xuvenil



Iván Blanco
Manuel Figueiras
Rubén Mirás
Daniel Rey
Santiago Torres
Ricardo Castro
Alejandro Gómez
Carlos Mirás
Gonzalo Seoane
Rubén Veiga
Iván Conde
Jorge Gómez
Breno Oliveira
Juán Suárez
Juan Jesús Vieites
Miguel Ferro
Jacobó Liñares
Roi Pérez
Nicolás Tireux
Juan Manuel Vilares

DIRECTIVO: **José Ferro**
ADESTRADOR PORTEIROS: **Juan Lamas**
ADESTRADOR: **Tonecho**



TONECHO

Adestrador categoría Xuvenil

NOME: Antonio Liñares "Tonecho"

LUGAR DE NACEMENTO: Estación de Oroso



HISTORIAL XOGADOR:

- 1974-76: SIGÜEIRO F.C. – XUVENIL
- 1976-78: SIGÜEIRO F.C. – 2ª REXIONAL
- 1978-79: C.D. SAR (EXTRAMUNDI) – 2ª REXIONAL
- 1978-79: AMIO – CAMPEONATO AFICIONADO
- 1979-81: S.D. ÓRDENES – 1ª REXIONAL
- 1982-84: SIGÜEIRO – 1ª REXIONAL

HISTORIAL ADESTRADOR:

- 1988-89: SIONLLA – XUVENIL
- 1997-98: SIGÜEIRO F.C. – CADETE
- 1998-99: SIGÜEIRO F.C. – CADETE
- 1999-00: SIGÜEIRO F.C. – XUVENIL
- 2000-01: SIGÜEIRO F.C. – XUVENIL
- 2001-02: SIGÜEIRO F.C. – XUVENIL

CAFETERÍA CORTÉS

Teléfono 981 691 762
Avda. da Grabanxa, 15 • Sigüeiro (A Coruña)



MELLOR PROMESA



Na edición deste ano da Gala do Deporte da Mancomunidade de Ordes, un membro da E.D.Xuventude Oroso tivo o privilexio de ser galardoado cun dos premios do certame, concretamente có de mellor promesa. A persoa elixida foi Míriam Garabato Liñares, compoñente do equipo Ale-

vín de fútbol, e a verdade é que non puideron elixir mellor. Míriam leva tres temporadas formando parte desta Escola e este feito non tería nada de raro se non fose porque na nosa Escola non hai equipo feminino de fútbol, polo que ata a presente temporada era a única nena nesta disciplina.

16



AVENIDA COMPOSTELA, 34 - SIGUEIRO



A súa condición feminina non foi nin é impedimento algún para que Míriam practique un deporte que ama profundamente aínda que sexa maioritariamente masculino, e para o que, ademais, parece estar tocada cunha variña máxica. Reúne as condicións necesarias para ser unha promesa neste deporte, algo que todos desexamos ferventemente. É respetada e querida polos seus compañeiros de equipo que sempre están pendentes dela, aínda que no terreo de xogo non a ven como unha "nena" senón coma un xogador máis do equipo que se fai respetar tamén polos seus rivais. Os seus adestradores nestas tres temporadas só teñen palabras de admiración e de ánimo para esta nena, que asombra incluso ós seareiros dos equipos rivais, e á que oxalá poidamos ver nun futuro non moi lonxano triunfar neste deporte chamado fútbol. Dende

esta páxina queremos darlle a noraboa a Míriam por este galardón e tamén ós seus pais e á súa irmá que, non nos cabe ningunha dúbida, están moi orgullosos dela.

Moitas felicidades Míriam.

maquinaria agrícola
CASALONGA S.L.



CASALONGA, 10
15866 TEO - Coruña
Teléfono 981 548 732

17



RENAULT

TALLERES MANUEL SUÁREZ, S.L.

Avda. de Compostela, 52
15884 Sigüeiro - A Coruña
Tlfs. 981 691 650 - 981 694 572
Fax 981 691 647



HUGO RAMA, novo coordinador deportivo da E. D. Xuventude Oroso.



¿Cal é o propósito do convenio de colaboración có Celta?

O propósito real dos convenios de colaboración non é outro que fomentar o Celtismo dando todo tipo de axuda para tratar de facer chegar rincóns máis alonxados de Vigo as mesmas posibilidades non só no deportivo senón que tamén na ensinanza educativa, social e cultural do noso club.

¿Cómo vai beneficiar o convenio á nosa Escola?

O principal é que os rapaces terán as mesmas posibilidades que aqueles que entrenan en A Madroa e que se sintan parte do Celta.

¿Cales son os principais cambios que se van a levar a cabo?

Quizais o máis significativo sexa o

de buscar un cambio de actitude e responsabilidade no traballo semanal ben sexa no campo de entreno como nos estudos. Intentarase cambiar hábitos alimenticios co fin de mellorar o rendemento e a saúde.

¿Cales son os obxectivos a longo prazo?

Evidentemente o obxectivo máis cercano é conseguir mellorar o bo traballo realizado ata o momento buscando un sistema que se adapte ás diferentes categorías implantando métodos máis dinámicos e competitivos sen olvidarnos da importancia de cada un dos nenos. A longo prazo sencillamente seguir mellorando.

¿Cal vai ser a metodoloxía de traballo?

A metodoloxía sería educar para logo ensinar e ir mellorando os traballos co máximo sacrificio posible; todos sabemos o difícil que é cumprir cos estudos e os entrenamentos ó mesmo tempo.

Un mensaxe para os membros da Escola:

Ser responsables á hora de elixir, ser consecuentes cos nosos erros, da importancia do sacrificio dos nosos pais, ser auténticos, humildes e sentirse importante en cada cousa que nos toque desempeñar na vida.

Almacenes Moure, S.L.

VINOS Y LICORES

Polígono Industrial del Tambre • Vía Isaac Peral, 19
Teléfono 981 55 75 45 • Fax 981 55 75 42
e-mail: amoure@mundo-r.com
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA



SERGIO ÁLVAREZ

Data de nacemento: 03/08/1986

Lugar de nacemento: Catoira

Clube: Celta de Vigo

¿Como foron os teus inicios no mundo do fútbol?

Eu era o máis pequeno de cinco irmáns e tódolos domingos nos xuntábamnos toda a familia, así que meus irmáns, meus primos e eu xogábamnos o fútbol e como non había quen se quixera poñer de porteiro, sempre me tocaba a min.

¿Sénteste máis responsable que outro xogador, polo feito de ser porteiro?

Non, síntome exactamente igual que o resto dos meus compañeiros xa que todos somos iguais e todos temos dereito o erro. Un día podo fallar eu e o seguinte tocaralle a outro.

¿Que pensan na túa familia da túa dedicación ó fútbol?

Apoiáronme en todo momento. Sen embargo dende pequeno pedínlle aos meus pais que cando viñeran ós partidos soamente me animaran. Non entendo á xente que trata de darlle ordes ós seus fillos no medio do partido. Na miña opinión isto é moito peor para os rapaces, que se desconcentran.



Así na miña casa nunca me dicían nada ata despois do partido.

¿Algún consello para os rapaces da escola?

O primeiro e máis importante que se centren nos seus estudos e busquen alternativas ademais do fútbol. Xa no plano deportivo que traballen moito, que o den todo nos adestramentos e nos partidos, xa que o fútbol require moito sacrificio. E por encima de todo que pensen que teñen o privilexio de poder desfrutar deste deporte así que hai que aproveitalo ó máximo.



Zapatería RIAL

*Reparación de Calzado
Copias de llaves*

C/ Laverde Ruiz, 2
ESQUINA HÓRREO
Tfno.: 981 57 61 80
SANTIAGO de COMPOSTELA

C/ Fray Rosendo Salvado, 13-15
EDIFICIO ZAFIRO
Tfno.: 981 59 84 48



PATINAXE - HÓCKEY E SEUS COMEZOS EN OROSO



A afección polos patíns no concello de Oroso non e nova, xa anos atrás Manuel Cruz o noso técnico de deportes, traballaba cos rapaces dando clases de patinaxe e hóckey, estes rapaces que hoxe en día moitos deles xa teñen de vinte anos para arriba.

Aquel hóckey que se practicaba no concello era máis ben unha actividade lúdico - deportiva, onde as normas enlazábanse entre o hóckey en liña e o tradicional así como os patíns que eran de distintas características.

Por aquel entón eu xa levando varios anos nun club en Santiago tiña a idea de levar o hóckey a zoas da comarca e así poder lograr facer una liga comarcal de ámbito afeccionado onde cada neno levaría o patín que tivese, así como o seu nivel técnico e táctico non lle impediría xogar se caía nas mans dos adestradores "resultadistas", poñendo unhas directrices e normas, deste xeito con esas ligas, lograríamos a maiores que esa idea no quedase no tinteiro.

PESCADERÍA

INSUA

TEL. 981 69 19 76 - MÓVIL 686 58 18 43 • SIGÜERO



Así foi como con esta idea e o traballo por parte de Manuel Cruz, eu: Juanjo como me coñecen neste mundiño do patinaxe, cheguei xa hai mais de 10 anos a colaborar co concello.

Ca invitación de Manuel, viña os venres a dar as clases e votáballe unha man a el, ademais eu estaba estudando para ser técnico de deportes no instituto Rosalía de Castro, o que tamén me viría ben para facer as prácticas.

Neste tempo que estivemos traballando, logramos facer algún partido amigable e motivar moito aos rapaces, facendo unha labor socio - educadora. A pena foi cando non puideron seguir con esta colaboración ó ano seguinte, por varias razóns: unha delas foi que para achegarme ao concello tiña que ir no autobús (por non ter coche), co agravante de que no club de Santiago estabamos a facer as cousas moi ben, logrando o destacable aumento do horario que coincidía co de Oroso. Así quedoume a teima de volver a adestrar neste Concello. Concello que por outra parte estaba predisposto a tal traballo. Así que despois de varios contactos volvemos a colaborar, grazas a entidade do club hóckey Compostela o cal continúa ca idea que tiñamos, deste xeito regreso a traballar aquí, con mais experiencia sendo técnico deportivo, profesor de maxisterio na especialidade de educación física, técnico rexional de hóckey a patíns é outros mais...

Intentaremos con entusiasmo e vosa colaboración, darlle ao concello o que se merece que é un club de patinaxe e hóckey do concello e para o concello.

Para rematar, salientar que xa este ano, rapaces do concello de Oroso participaron nas ligas autonómicas. Recordar tamén que unha rapaza do noso club e de Oroso, Andrea Mouro Otero, foi ao campionato de España sub16 feminino.

Tamén a maioría das rapazas de 6º de primaria que fan hóckey, participarán nun torneo en Portugal cos gastos pagos.

Juanjo Fernández

Técnico de patinaxe e hóckey



MARMORÍA

M. Siverio, s.l.

Obradoiro da Pedra

<p>TODA CLASE DE TRABALLOS EN MÁRMORE E GRANITO</p> <p>Avda. da Grabanxa, 88 Tif./Fax 981 691 698 15884 SIGÜEIRO - A CORUÑA</p>	<p>HÓRREOS - CRUCEIROS ARTESANÍA EN PEDRA</p> <p>Tif./Fax 981 89 70 48 MILLARIO - CASTROFEITO 15821 O PINO - A CORUÑA</p>
--	--



GRUPO MANDIN

Centros Multimarca



Central: Ctra. N-VI, km. 582 Espíritu Santo (Frente ITV)
15168 Sada A Coruña
Telefono: 981 61 05 30 - 639 83 83 13
Fax: 981 63 15 92



JOSÉ MANUEL QUINTÁS CEBEIRO

¿Que espera que a Escola Deportiva lle aporte ó seu fillo?

Compañerismo, disciplina e base deportiva.

¿Que aspectos da Escola cree que se deberían mellorar para seguir crescendo?

Ter outras alternativas deportivas.

¿Que opina das situacións nas que os pais dos rapaces son os que incitan ós propios nenos á violencia?

Estes pais deberían quedar na casa.

Tódolos pais deberían acatar as normas da escola.

¿Que espera que aporte á escola o convenio de colaboración co Celta de Vigo?

Alternativas cara o futuro dos nenos.

Todo o que aporten será favorable para o club.



 <p><i>Restaurante Castro</i></p> <p>Fomarís, s/n (Sionlla) 15884 SANTIAGO DE COMPOSTELA http://www.castrohotel.com E-mail: info@castrohotel.com</p>	 <p>PIROTECNIA SIONLLA</p> <p>Confección de fogos de día, inapreciables por su repeto y estandao, y todo clase de fogos artificiais.</p> <p>PTE. SIONLLA - ENFESTA SANTIAGO (CORUÑA) Teléfono 981 88 80 35 TR. Móvil 687 52 96 30.</p>
--	---

 <p>Venta y Asist. Técnica Equipos de Oficina</p> <p>brother. OKI KYOCERA</p>	 <p>OIL-SERVI S.L. Rúa Madrid, R 6-1 Bajo 15703 SANTIAGO de COMPOSTELA Tel: 981 58 85 44 - Fax: 981 58 85 43 oilservi@terra.es / www.oilservi.com</p>	 <p>XESTISEGUR</p> <p>Rúa Estocolmo, 2 - baixo Tel.: 981 562 133 - Fax: 981 562 133 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA</p>
--	--	--



JOSE MARÍA SAINZ SUÁREZ

¿Que espera que a Escola Deportiva lle aporte ó seu fillo?

Espero que lle sirva de instrumento para a súa formación como persoa e adquira valores tais como o compañerismo e a amizade. No deportivo a practica de exercicio físico é fundamental para unha vida saudable.



¿Que aspectos da Escola cree que se deberían mellorar para seguir crescendo?

Estase a facer unha boa labor cos rapaces pero creo que se debería ser máis competitivos a nivel deportivo aínda que a idea de "Escola Deportiva" siga sendo a base.

¿Que opina das situacións nas que os pais dos rapaces son os que incitan ós propios nenos á violencia?

Son actitudes que deben ser cortadas de raíz e penso que as medidas a tomar teñen que ser máis severas cara os responsables destas.

¿Que espera que aporte á escola o convenio de colaboración co Celta de Vigo?

É unha forma de que os rapaces se ilusionen ó ver que se pode chegar un pouco máis arriba do fútbol base. Tamén espero que esta colaboración funcione e non se quede tan só nunha foto con firma incluída.

CARNICERÍA
Leopoldo
Plaza del Ayuntamiento, 3 - Baixo Izqda. SIGÜEIRO (La Coruña)
Teléfono: 69 17 27

DVP Disviper, s.l.
Accesorios del automóvil
Le atendió _____
Vía Edison, 19-D Tfn.: 981 581 083
Polígono del Tambre Fax: 981 554 290
15890 Santiago de Compostela E-mail: dvpcomercial@mundo-r.com

¿Que espera que a Escola Deportiva lle aporte ó seu fillo?

En primeiro lugar que lle ensinen a mellorar tanto técnica como práctica do fútbol.

En segundo lugar cando estén practicando o deporte ensinalle o respecto ás persoas, tanto a xogadores rivais como a compañeiros e público en xeral, é dicir, dedicarse a practica do deporte limpo e sen violencia.



¿Que aspectos da Escola cree que se deberían mellorar para seguir crescendo?

No meu caso é o primeiro ano que estou nesta escola e non teño coñecemento do funcionamento da mesma pero polo que coñezo creo que xa está a facer unha labor positiva.

¿Que opina das situacións nas que os pais dos rapaces son os que incitan ós propios nenos á violencia?

A verdade é que os pais que imos o fútbol somos difíciles de controlar, tanto en modos como en maneiras de cada un, pero como dixen na primeira pregunta é máis fácil educar ós nenos que non caian nesas situacións, que se adiquen a xogar, pasalo ben pasar de todo o que lle poidan dicir os pais no aspecto deportivo nese momento.

¿Que espera que aporte á escola o convenio de colaboración co Celta de Vigo?

Espero que sexa de proveito e que entre tódolos rapaces poida saír algún que sexa de proveito para a práctica do fútbol profesional.

Peluquería Caballeros

TUE

Avda. Compostela, 36 Teléfono 636 43 97 39
SIGÜEIRO - OROSO



ROSA MAR GÓMEZ

¿Que espera que a Escola Deportiva lle aporte ó seu fillo?

Disciplina, compañerismo, ensinanza, comportamento... Que aprendan a respectar os compañeiros, adestradores, contrarios...

¿Que aspectos da Escola cree que se deberían mellorar para seguir crescendo?

Que habería que ter máis campos de entrenamiento e mellorar as instalacións deportivas.



¿Que opina das situacións nas que os pais dos rapaces son os que incitan ós propios nenos á violencia?

Moi mal porque estamos falando dun deporte, non de violencia. O deporte debe ser para desfrutar, non para torturar.

¿Que espera que aporte á escola o convenio de colaboración co Celta de Vigo?

Que lle vai dar a algúns nenos a opción de poder xogar no Celta ou outros equipos de primeira división.

Telf y Fax: 981 69 63 99 • E-mail: alpisigueiro@hotmail.com
Rúa Río Lengüelle, 1 L-3 • 156888 Sigüeiro - A Coruña



ANTONIO VILLASENÍN

¿Que espera que a Escola Deportiva lle aporte ó seu fillo?

Educación, forma física, compañeiros e amigos. Divertimento.

¿Que aspectos da Escola cree que se deberían mellorar para seguir crescendo?

Instalacións, vestiarios...

¿Que opina das situacións nas que os pais dos rapaces son os que incitan ós propios nenos á violencia?

Que están moi mal e que como fan eso tamén o farán na súa educación.

¿Que espera que aporte á escola o convenio de colaboración co Celta de Vigo?

Experiencia e métodos de ensinanza.



 AGRÍCOLA Vilanova, S.L. REPARACIÓN Y VENTA DE MAQUINARÍA AGRÍCOLA Telf. 981 69 10 84 Vilanova OROSO - (La Coruña)	Peluquería de Caballeros Pepe José M ^o Barreira Fernández Alicia Carballido Rivadas Ctra. General, 26 Bajo T. 981 69 13 04 15.888 SIGÜEIRO OROSO - A Coruña
---	---



Restaurante y Marisquería
MARINAOS

Especialidad en
Pescados a la Brasa

Teléfono 981 68 15 57
Lg. Mariñaos, 34
OROSO (A Coruña)

RUBÉN MIRÁS SÁNCHEZ

¿Que aspectos da Escola mellorarías ?

No meu caso é o primeiro ano que estou na escola e para min está todo moi ben organizado, estou moi cómodo e contento xa que a xente me tratou moi ben polo que me gustaría que seguise así.

¿En que posición che gusta xogar e porque?

Gústame xogar de centrocampista, posición na que máis cómodo me sinto xogando xa que levo xogando aí dende que era pequeno. Tampouco me importa xogar noutras posicións se é preciso pero eso xa son decisións tomadas polo adestrador.



¿Cal é o teu soño a nivel deportivo?

Eu creo que o soño de cada rapaz que lle gusta o fútbol e acabar xogando nun equipo grande deste deporte e este é o meu soño tamén. Para logralo hai que traballar moi duro, ser respetuoso cos rivais e cos compañeiros e cando teñas oportunidades saber aproveitalas.

¿Que esperas que che aporte o convenio de colaboración co Celta de Vigo?

Creo que é un gran impulso para esta escola deportiva, o que espero é que aporten moitas propostas e cousas positivas ó equipo, xa sexa individual ou colectivamente

¿Que opinas do teu adestrador e directivo/a?

Eu como dixeran antes tratáronme moi ben dende o meu primeiro día que vin e estou moi contento con toda a directiva e por suposto co adestrador. Tamén teño que facer unha mención especial ós meus compañeiros de equipo xa que todos son grandes persoas que me axudaron moito e moi ben a adaptarme o equipo.

¿Que aspectos da Escola mellorarías ?

Na escola para min non hai nada que mellorar. Agora nó campo xa hai algo máis, eu melloraría o alumbrado que rodea o campo, tamén pido o señor alcalde que axude á renovación de material como balóns , petos e reparar as redes das porterías.

¿En que posición che gusta xogar e por que?

Especialmente gústame xogar de dianteiro porque queredría seguir os pasos do gran xogador o "Pipita" Higuaín. Ademáis e un posto no que teño liberdade de movementos e podo practicar o meu fútbol.



¿Cal é o teu soño a nivel deportivo?

O meu soño sería ser un gran xogador e poder desfrutar do bonito deporte que é o fútbol como xa fixeron os xogadores que agora están no Madrid, Manchester United, Celta...

¿Que esperas que che aporte o convenio de colaboración co Celta de Vigo?

Espero que este convenio co Celta nos aporte coñecementos e un gran nivel deportivo e tamén espero que se fixen nos grandes xogadores que hai nesta escola.

¿Que opinas do teu adestrador e directivo/a?

Empezamos por Samuel que é un gran adestrador e unha gran persoa xa que é moi divertido con nós. Víctor Gil é tamén moi bo rapaz, es sempre nos aporta moito do que el sabe facer. Javier o noso directivo é unha gran persoa xa que el sempre nos da ánimos. Nunca perde a esperanza con nós.


Frinsa

ADRIÁN GÓNZALEZ

¿Que aspectos da Escola mellorarías ?

A indumentaria dos partidos e o apoio da xente á hora de vir ós partidos.

¿En que posición che gusta xogar e porque?

Central e centrocampista. De central gústame porque e a posición na que xoguei sempre e na que mellor me desenvolvo. De centrocampista gústame a creación do xogo.

¿Cal é o teu soño a nivel deportivo?

Pois seguir xogando aquí na escola en un futuro chegar a adestrar algún equipo da escola.

¿Que esperas que che aporte o convenio de colaboración co Celta de Vigo?

Pois moitas oportunidades os xogadores moi bos que saian de aquí.

¿Que opinas do teu adestrador e directivo/a?

Fixeron un gran traballo xa que axudáronnos a formar un bo equipo a nivel de compañerismo, apoio e cooperación capaz de acadar bos resultados. Un bo exemplo disto é que acadamos o campionato de liga.



ANXO GAREA GONZÁLEZ

¿Que aspectos da Escola mellorarías ?

Máis materiais para adestrar como uns pe-
tos normais e para xogar uns balóns tamén
axeitados.

¿En que posición che gusta xogar e por- que?

Na banda dereita ou de dianteiro centro.

¿Cal é o teu soño a nivel deportivo?

Chegar ata onde poida e unha vez alí dalo
todo de min para seguir cada vez mellorando
máis e máis.

¿Que esperas que che aporte o convenio de colaboración co Celta de Vigo?

Moitas cousas, máis técnica, mellor habilidade co balón...

¿Que opinas do teu adestrador e directivo/a?

Unha persoa coas decisións moi claras e con coñecementos axeitados
para adestrarnos.



Os pais tamén opinan

ENVIOS URGENTES
HALCOURIER
Atención al cliente: 902 112 020

33



ALBERTO FERNÁNDEZ

¿Que aspectos da Escola mellorarías ?

Que haxa máis actividades deportivas, como o fútbol sala para os nenos da miña idade.

¿En que posición che gusta xogar e porque?

Dianteiro, porque se meten os goles.

¿Cal é o teu soño a nivel deportivo?

Chegar a xogar nun equipo de primeira división.

¿Que esperas que che aporte o convenio de colaboración co Celta de Vigo?

Que nos den máis posibilidades como equipo e persoalmente.

¿Que opinas do teu adestrador e directivo/a?

Paréceme que temos un moi bo adestrador, posto que nos ensina moito e nos tolera. Tamén estou moi contento ca directiva.



**FONTANERIA - CALEFACCION
SIGÜEIRO, S.L.**

PEDRO
Móvil: 630 986 431

Rúa Do Campo, 16 - Bajo
Teléfono Oficina: **981 694 697**

SIGÜEIRO

34



**INSTALACIONES
MONTAJES ELECTRICOS
R. MIRAZO**

Chave do Carballo, Bastavales - 15280 Brión
Tel. y Fax: 981 888 811 • 981 888 528
Móvil 639 129 813

CAFETERÍA



**VDA. DE
NOUCHE**



ALEJANDRO PICÓN

¿Que aspectos da Escola mellorarías ?

Nada.

¿En que posición che gusta xogar e porque?

Na defensa porque ves todo o campo agás o teu porteiro.

¿Cal é o teu soño a nivel deportivo?

Chegar a xogar en primeira división.

¿Que esperas que che aporte o convenio de colaboración co Celta de Vigo?

Que xogadores bos do clube cheguen a ir ó Celta.

¿Que opinas do teu adestrador e directivo/a?

Que son unhas gran persoas.



Bar O Sigüeiro

Avda. Compostela, 26 ☎ 981 691 357
SIGÜEIRO



El mejor café

Talleres Ceyper

Mecánica

Chapa

Pintura



Vía la Derva, nº 1 - NAVE A3
C.P. 15890
Polígono del Tambre
Santiago de Compostela

Teléfono: 981 588 326
649 656 844



JAVIER CASTRO, S.L.

CARPINTERÍA DE MADERA
FABRICACIÓN DE MUEBLES

Piñeiro, 9 - San Cristóbal
ENFESTA - 4 - C.P.15884 - Santiago de Compostela
Telf. 981 89 57 77 - Fax 981 89 58 32 - Móvil 669 37 79 30



Reportaxe fotográfico



Equipo Xuvenil



Equipo Benxamín



Equipo Infantil



Equipo Alevín



Ascenso Cadete



36

SEGUROS BILBAO

Grupo CATALANA OCCIDENTE

JOSÉ LUÍS MENDEZ
Agente de Seguros Exclusivo

C/Parque Municipal,nº 24 - 1º
Telf: 981680742
ORDES

jlmendez@segurosbilbao.com

POR ENCIMA DE TODO **LA MEJOR CALIDAD DE SERVICIO**



Reportaxe fotográfico




As nosas rapazas



Cadetes



Recepción no concello ao equipo cadete campión de liga



Alevíns na Arousa Cup

Panadería Bollería Pizzería
SIGÜEIRO
Nuestra especialidad, es la calidad

C. Insua, 3
Tel. 981 694 592
OROSO (A Coruña)



Reportaxe fotográfico



Firma do convenio de colaboración co Celta de Vigo



Partido fronte ó Lobelle



Visita de Sergio a Oroso

38

TRANSEGUR seguros transportes

TRANSEGUR

Gabino Pérez Romero
VENTAS

Oficinas Centrais
Rúa do Xeiro, 4 Bajo-1ºzq
15895 - Milladoiro - AMES

Móvil: 651 450 442
Tel.: 981 530 814/15/16
Fax: 981 536 980

AL

aluminios landeira, s.l.

27 AÑOS DE EXPERIENCIA

Tel. 981 69 14 50
Fax: 981 69 62 06

Alto de Vilanova
OROSO (A Coruña)



Reportaxe fotográfico



Presentación Campus do R.C. Celta de Vigo



Hockey



Alevíns na Arousa Cup



Visita de Sergio a Oroso

- * Piscinas
- * Jardines
- * Spas
- * Plantas y decoración
- * Accesorios Jardines

Avda. Alfonso Senna, 26-28
Teléfono +34 981 69 78 60
Fax +34 981 68 29 98
Móvil 609 87 19 20
15680 ORDES - A Coruña - España

www.galiceo2000.com
info@galiceo2000.com

Tel. 981 58 82 03
Calzada das Cancelas, 21 - 15704 SANTIAGO
celftflor@TELEFONICA.NET



O árbitro, ese ser imperfecto



O que non se pode permitir a un adestrador nin a un pai é que lle berre a un xogador por algo que fixera mal e se poña histérico con el por moito que queira o adestrador que gañe o seu equipo, coma tampouco penso eu que un adestrador non lle podería permitir a un xogador que lle rife a un compañeiro seu porque considere que este é peor ca el, que se encare con rivais ou co público partido tras partido ou que lle proteste ó árbitro digamos sen moita educación nin respecto. Esta penso eu é unha labor de cada clube particular que comezaría dende a base, e estou a falar de medidas que se deberían tomar antes de que un árbitro tome teña que actuar, porque despois moita xente laméntase das sancións que se lle impoñen a determinados xogadores... Isto ó mellor poñendo as cousas no seu sitio dende o principio evitábase, e nun equipo manda o adestrador, e se un xogador lle replica, por moi bo que sexa este debería tomar medidas, coma as que tomamos os árbitros no terreo de xogo, que despois sómolos malos nós, e coma di

Bazar ● ● ● ● ●

Karma

- Joyería
- Regalos
- Porcelana
- Loza
- Cristal

Rúa do Mediodía, 1
T. 981 69 10 30
15884 SIGÜEIRO - A Coruña



a 5ª Regra do Xogo Un partido ser3 controlado por un 3rbitro, quen ter3 autoridade total pra facer cumprilas Regras do Xogo en dito encontro.

E sobre esta 3ltima oraci3n escrita no par3grafo anterior poder3a escribir outro tanto coma levo at3 aqu3, porque os 3rbitros 3 igual c3s xogadores somos persoas e engan3monos 3 igual que se enganan na primeira divisi3n con xu3ces de liña e cuarto 3rbitro... pra canto m3is n3s que (pra non darlle un ton tan serio a todo isto) igual tivemos cea a noite anterior e non puidemos durmir moito. E agora deixando bromas a un lado e xa pra rematar, vou escribir algo que a xente non sei ata que punto ter3 claro, a n3s d3nolos partidos o venres 3 noite e falo por min e polo 99% m3is dos 3rbitros, e vamos arbitrar o fin de semana ¡SEN IMPORTARNOS O RESULTADO! que ning3n clube pense que se lle ten man3a nin pensen o que tanto escoit3moslos 3rbitros de "xa vides aqu3 a fodernos", aseg3rolle que non se3ores, coma 3rbitro que son e vou a un sitio arbitrar un partido (falando pouco fino) t3rame dun p3 que perdan os locais, os visitantes ou por min coma se perden os dous, n3s intentamos ser xustos, e 3s veces enganar3monos pra un lado e 3s veces pro outro ou 3s veces 3 seguidas pra un lado e 3s veces 3 seguidas pro outro, pero sempre sen a m3is m3nima conspiraci3n, xa que como todos vostedes somos persoas e como tales temos dereito o erro.

Jes3s Mosquera

3rbitro da delegaci3n de Santiago



O mundo que nos toca vivir

Neste intre histórico no que nos toca vivir asistimos, case sen capacidade de reacción, a unha serie de cambios vertixinosos na nosa sociedade que afecta tanto aos adultos coma aos rapaces. Cambios no xeito de educar, de vestir, de falar, de competir, de comer, e mesmo de vivir en termos xerais. Esta nova sociedade das tecnoloxías, da era dixital que din outros, trouxo novos prismas dende os que mirar cara o mundo que nos contorna. Pero é precisamente no terreo dos máis mozos onde eu quería poñer a miña pegada co artigo deste ano.



Falaba das novas tecnoloxías, pero nembargantes quería subliñar aquelas que de xeito lamentable están socializando aos nosos rapaces. O uso e abuso de ferramentas como a telefonía móbil, a Rede Internet, coas súas singularidades en espazos como o Messenger, Facebook, Tuenti, e outras que non vou a nomear; as plataformas de xogo dixitais tan coñecidas por todos, Play Station e as súas evolucións posteriores asemade que outras plataformas semellantes, e mesmo a propia Televisión, gran socializadora por excelencia, tanto de grandes coma de pequenos. Todas elas estanse a revelar nos últimos tempos como as suplentes da palabra, das tradicións, da cultura, dos referentes en termos de valores e formación social. Os nosos mozos e mozas afástanse das actividades máis tradicionais que obrigan a compartir espazos, tempo e xuntanza. A práctica do deporte revaloriza nunha sociedade cada vez máis egoísta, unipersoal, onde a interacción coas máquinas mergúllanos nun mundo, a maioría das veces, irreal e enganoso, onde non sabes realmente que rol ocupas.

S. Rial

SEVERINO RIAL BOTANA, S.L.

Parque Empresarial de Sigüeiro, Parcela 20 - 15688 OROSO

Teléfono: (+34) 981.690.934 - FAX: (+34) 981.690.973

srial@srial.com WEB: www.srial.com

Xa non tes conversa cos teus amigos nas escolas, nos clubs deportivos, ou nos parques do contorno, s3o esperas a chegada desa hora “máxica”, para falar a traveso dunha máxquina cunha linguaxe inintelixible. Os nosos rapaces teñen medo a medrar, quixeran ter sempre, ou non pasar, dos quince ou dezasete anos, non dar ese paso que os convirte en adultos con responsabilidades que teñen nomes e apelidos como traballo, esforzo, universidade, familia, compromiso, educaci3n, respecto, proxecto..., e dirán vostedes, estimados lectores, vaia pai desesperado que utiliza este artigo para esbagoarse. Pois 3e certo, pero nesta ocasi3n non falo s3o por min, sen3n por moitos pais que me transmiten a mesma impresi3n de coti3o, que non chegamos ao límite da desesperaci3n nin moito menos, pero intuimos que as cousas van polo camiño destas reflexi3ns. Se cadra, 3e s3o unha cuesti3n xeneracional e como din outros, xa os nosos pais pensaban o mesmo de n3s, pode ser, pero mentres eu xogaba cunha pelota de coiro parcheada ou ao pilla – pilla polos montes da miña aldea, os rapaces de agora xogan, mirando unha pantalla e nun mundo virtual, a matar policías ou esnaquizar velliños atropelándoos nas beirarúas dunha cidade sen lei... a verdade 3e que como dicía algu3n, o conto mudou de carallo!. A chave das noces?, recuperar a palabra, e como dixo unha vez Arist3teles “a esperanza 3e o sono do home esperto”, pois xa saben... non durman e a esperar a ver se escampa.

Xavier Seoane

Xornalista



Adrián Castro, outro dos nosos protagonistas, foi preseleccionado polo Real Madrid e tamén premiado este ano na gala do Deporte da Mancomunidad de Ordes.



44

boqueteseguros

Allianz 

Pontepedra, 11
15683 TORDOIA

Tel: 981 690 013
Fax: 981 690 462

boqueteseguros@wanadoo.es

